

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPPI DOS DICES

CURSO: 4º ESO

MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA

DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA

DATA: 18/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Compe- tencias	Consecución mínima.
B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual.	LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante.	CCL	Comenta o contido dos textos de xeito guiado.
B1.3. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).	LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias e debates procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos	CCL CAA	Ofrece a súa opinión de xeito claro e con criterio propio
B1.5. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	CCL CSC CSIEE	Recoñece elementos prosódicos e linguaxe corporal axeitada.
B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega.	CCL	Fala de xeito fluído en intervencións espontáneas.

<p>B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.</p>	<p>LGB1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.</p>	<p>CCL CAA</p>	<p>Recoñece erros en textos orais propios e alleos.</p>
<p>B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).</p>	<p>LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.</p>	<p>CCL</p>	<p>Distingue os tipos de rexistro.</p>
<p>B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).</p>	<p>LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicarlas correctamente.</p>	<p>CCL CD</p>	<p>Aplica os seus coñecementos sobre as normas ortográficas e morfosintácticas en textos escritos.</p>
<p>B2.13. Producir en soporte impreso ou dixital textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.</p>	<p>LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.</p>	<p>CCL CD CSC</p>	<p>Redacta un texto argumentativo a partir de información de diversas fontes.</p>

<p>B3.6. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.</p>	<p>LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.</p>	<p>CCL CAA</p>	<p>Aplica as regras ortográficas nas súas producións.</p>
<p>B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.</p>	<p>LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.</p>	<p>CCL CCEC</p>	<p>Valora a lingua galega como medio de relación e sinal de identidade.</p>
<p>B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</p>	<p>LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</p>	<p>CCL</p>	<p>É quen de citar os períodos da literatura galega do século XX.</p>

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <p>Producións de textos orais de distinta tipoloxía.</p> <p>Producións de textos escritos de distinta tipoloxía.</p> <p>Lectura cotiáns, académicos e literarios.</p> <p>Probas específicas orais e/ou escritas.</p> <p>Entrevistas por videochamada.</p> <p>Observación directa do traballo cotián.</p> <p>Traballos monográficos.</p> <p><b>Instrumentos:</b></p> <p>Diario do profesor.</p> <p>Rexistro de seguimento do caderno do alumnado.</p> <p>Revisión da presentación de textos orais e escritos.</p> <p>Corrección de probas específicas orais e escritas de distinto tipo (de desenvolvemento, relación, ordenación, comentario etc.).</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>O alumnado terá superada a materia cando a media das dúas primeiras avaliacións sexa igual ou superior a 5 puntos. Poderá terse en conta o traballo de consolidación, repaso e ampliación, de acordo cos estándares imprescindibles recollidos nesta modificación, sempre como unha mellora desa cualificación. Cando a media das dúas primeiras avaliacións sexa inferior a 5, o alumnado deberá realizar tarefas de recuperación durante o período de clases non presenciais.</p>

<p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<p>O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, poderá realizar unha proba no mes de setembro, nas datas establecidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de acordo co calendario e horario fixado polo centro. Esta proba escrita, será elaborada de acordo cos estándares imprescindibles, será cualificada de 1 a 10 puntos e representará o 100% da cualificación. O alumnado que non fose avaliado positivamente de ningunha proba de lectura deberá realizar o exame da lectura proposta para esta convocatoria e que se acordará coa profesora no mes de xuño. Neste caso a proba escrita terá unha ponderación de 9 puntos e a lectura de 1 punto, sendo preciso para superar a materia que a cualificación do apartado da lectura sexa superior a 0. Esta proba poderá ser substituída por unha proba en liña (no caso de ser posible) ou pola presentación de traballos escritos de acordo cos estándares imprescindibles recollidos neste documento.</p>
--	--

<p><b>Alumnado de materia pendiente</b></p>	<p><b>Criterios de avaliación:</b></p> <p>B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, o datos relevantes de textos orais dos medios de comunicación audiovisual.</p> <p>B1.8. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.</p> <p>B2.1. Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.</p> <p>B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos do ámbito educativo: informes e proxectos sobre tarefas educativas das materias curriculares.</p> <p>B2.12. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.</p> <p>B2.12. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.</p> <p>B3.2. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais.</p> <p>B3.10. Sintetizar o contido e identificar a estrutura de textos. Elaborar producións propias segundo estes parámetros.</p> <p>B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a importancia da lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural.</p> <p>B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.</p>
	<p><b>Criterios de cualificación:</b></p> <p>A cualificación final será a media aritmética da nota obtida nas dúas primeiras avaliacións. O alumnado que se atopa nesta situación ten superada a día de hoxe as dúas primeiras avaliacións, polo que non será necesario acudir a probas ou traballos de recuperación.</p>



**Procedementos de avaliación:**

Producións de textos orais de distinta tipoloxía.

Producións de textos escritos de distinta tipoloxía.

Lectura cotiáns, académicos e literarios.

Probas específicas orais e/ou escritas.

Entrevistas por videochamada.

Observación directa do traballo cotián.

Traballos monográficos.

**Instrumentos de avaliación:**

Diario do profesor.

Rexistro de seguimento do caderno do alumnado.

Revisión da presentación de textos orais e escritos.

Corrección de probas específicas orais e escritas de distinto tipo (de desenvolvemento, relación, ordenación, comentario, de libros de lectura).

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Realización de fichas de reforzo das unidades completadas ata a suspensión das clases presenciais.</p> <p>Realización de fichas de ampliación de carácter voluntario de cada unidade completada durante o primeiro e segundo trimestre.</p> <p>Actividades de interacción oral nas clases en liña.</p> <p>Realización de traballos escritos focalizados nas propiedades textuais.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Co alumnado con conectividade procurarase replicar, malia todas as limitacións que as circunstancias impoñen, a metodoloxía empregada durante as clases presenciais. Deste xeito, tentaremos facilitar e estimular a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e a adquisición de competencias clave por medio dunha metodoloxía activa e o traballo colaborativo.</p> <p>Non hai alumnado sen conectividade nesta materia pendente.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Libro de texto.</p> <p>Plataforma de lectura galiciale</p> <p>Google classroom.</p> <p>Videochamadas a través de whatsapp.</p> <p>Clases en liña a través de skype.</p> <p>Ligazóns a materiais audiovisuais.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Tanto o alumnado coma as familias, xa están sendo informadas no momento de modificación desta programación didáctica polos seguintes medios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Abalar móbil.</li> <li>• Mensaxería de Edixgal.</li> <li>• Google classroom.</li> <li>• Correo electrónico.</li> <li>• Teléfono.</li> <li>• Mensaxería instantánea.</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	Páxina web do centro.